

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS GRUPO MUNICIPAL POPULAR. PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Expediente GD 8445/2023

En sesión plenaria de organización da nova Corporación Local 2023-2027, celebrada o 28 de xuño de 2023 prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Mais concretamente, no punto décimo se crearon 3 postos de persoal eventual para o Goberno e 4 postos de persoal eventual para a oposición, 2 para o grupo municipal popular, 1 para o grupo municipal BNG e 1 a media xornada para o grupo municipal ESCO.

Con data do 29.06.2023 o grupo municipal popular, mediante rexistro de entrada 15568/2023, comunica as persoas propostas como auxiliares administrativos do grupo municipal popular que son Andrés Agra Costoya e Laura Riveiro Rodríguez.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **Resolve:**

Primeiro. Nomear o seguinte **persoal eventual de confianza do grupo municipal popular:**

Andrés Agra Costoya, con DNI [REDACTED] coa categoría profesional de auxiliar administrativo do grupo municipal popular.

Laura Riveiro Rodríguez con DNI [REDACTED] coa categoría profesional de auxiliar administrativa do grupo municipal popular.

As características son as recollidas para estes posto no acordo plenario de organización de 28 de xuño de 2023. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades do grupo municipal popular

Terán unha retribución bruta anual cada un de 22.353,37 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo. O nomeamento terá efectos dende o 01 de xullo de 2023, previa aceptación das persoas propostas.

Terceiro. Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Ames, a data da sinatura dixital

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3778C7B204299B5CEE0D9905C86F28BDE1
DCAFD8587B6280B37A145073275F726E60DD84CA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2A265CDD6877D894296

POSTO DE TRABAJO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA